RECOMENDACIÓNS SOBRE RESIDUOS DE AGULLAS E XIRINGAS XERADAS NOS DOMICILIOS

O Decreto 38/2015, do 26 de febreiro, de residuos sanitarios de Galicia, é de aplicación aos residuos xerados como consecuencia das actividades levadas a cabo en centros, servizos ou establecementos sanitarios.

Segundo dito decreto, os residuos de agullas e punzantes clasifícanse dentro da *Clase IIa: residuos específicos da actividade sanitaria, xerados nos centros sanitarios, diferentes dos producidos nos fogares, como resultado da actividade sanitaria propiamente dita*.

Por este motivo, os residuos xerados en domicilios quedan fóra do ámbito de aplicación do Decreto 38/2015, do 26 de febreiro, de residuos sanitarios de Galicia.

No caso dos residuos de agullas, xiringas ou residuos punzantes de procedencia doméstica, é dicir, os xerados en vivendas particulares como consecuencia de tratamentos domiciliarios, xa sexan temporais ou a longo prazo (por exemplo, diabéticos) recoméndanse a súa xestión segundo o procedemento especial seguinte:

- As agullas e xiringas que van unidas ao aplicador do medicamento, pódense depositar co seu protector no Punto SIGRE. Un exemplo serían as plumas ou xiringas precargadas de insulina que son inseparables do aplicador e depositanse co seu protector posto.

- No resto dos casos, introduciranse en recipientes ríxidos e estancos, preferentemente de plástico duro (como por exemplo: botes con tapa, botellas pequenas de auga, refresco, deterxente etc.) para evitar accidentes na manipulación polo persoal da recollida ou tratamento do lixo, depositándoos no contedor de lixo doméstico, sempre xunto cos restos que NON se reciclen (lixo orgánico).

Enlaces de interese:

https://plataformadepacientes.org/como-desechar-los-farmacos-inyectables-plumas-y-jeringuillas-precargadas/

https://www.sigre.es/boletin/sigre-informa-87/actualidad-87-2/

https://residus.gencat.cat/es/ambits_dactuacio/recollida_selectiva/residus_municipals_especials/agulles/index.html

https://diabetes.sjdhospitalbarcelona.org/es/diabetes-tipo-1/consejos/diabetes-residuos-hacer-material-desechable

https://reducereutilizarecicla.org/donde-tirar-agujas/

https://www.fda.gov/medical-devices/safely-using-sharps-needles-and-syringes-home-work-and-travel/la-mejor-forma-de-desechar-agujas-usadas-y-otros-objetos-punzantes

Santiago de Compostela, a 28 de maio de 2026